

**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**  
**XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA**

Rúa Vicente Ferrer, 2

15008 A Coruña

**Asunto: Alegacións ao Expediente IN661A 2007/04 relativo ao proxecto do parque eólico Monte Neme.**

Don/Dona \_\_\_\_\_  
con DNI. Número \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

**EXPÓN:**

Á vista do Expediente IN661A 2007/04 relativo ao proxecto do parque eólico Monte Neme, por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIONES:**

**1.- FRAGMENTACIÓN DO PROXECTO INDUSTRIAL EÓLICO EN VARIOS PROXECTOS INDEPENDENTES. DIVISIÓN ARTIFICIOSA E FRAUDE DE LEI.**

**Indica a mercantil promotora:**

*“A evacuación da enerxía eléctrica producida no parque eólico realizarase a través dunha liña eléctrica aérea de alta tensión 66 kV que transportará a enerxía desde a subestación Monte Neme ata a subestación Cabana, que será obxecto doutro proxecto independente”.*

*“LAT 66 kV ST Monte Neme-ST Cabana de Bergantiños Línea de evacuación del futuro parque eólico Monte Neme. Constaría de un total de 67 apoyos y tendría una longitud de 14,7 km. Parte de la subestación del futuro parque eólico Monte Neme, cerca de Cances Grande, en Carballo, a unos 15 km al E de la subestación de Cabana. Cruza el río Anllóns cerca de la Capela de Santa Mariña y del azud de la central hidroeléctrica de Corcoesto, pasa muy cerca, por el sur, de esta parroquia y enfila en dirección O hacia la subestación de Cabana, cruzando la línea anterior Malpica-Cabana en el monte de Campo Sampil.*

*Las tres líneas sólo se encuentran a una distancia inferior a 1 km en el entorno de la subestación de Cabana. La línea de evacuación de Monte Neme se localiza en más de un 90% de su recorrido a una distancia superior a 1 km de las otras dos líneas identificadas, ya existentes”.*

*“Por otra parte, la empresa distribuidora de energía eléctrica en la zona, UNIÓN FENOSA, estableció el punto de interconexión del Parque Eólico a la red en la Subestación de Cabana 66 kV, en Cabana de Bergantiños (La Coruña). Esta línea es objeto de proyecto y expediente administrativo independiente”.*

O artigo 21 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, establece que formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica.

## Artigo 21. Actividades de produción de enerxía eléctrica.

“5. Formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica”.

A inclusión dos efectos e impactos das instalacións de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos impactos detectados no EIA, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras.

### 2.- Afeción severa e prexuízos irreversibles para as Áreas de Interés paisaxístico (AEIP):

AEIP Val fluvial do río Lourido.

### 3.- Afeción severa a itinerarios de carácter patrimonial e ás paisaxes. Afeción severa ao turismo e á hostalería.

Afeción severa aos Camiños de Santiago.

Calzada Romana Vía XX Per Loca Marítima/ Camiño Real A Coruña – Fisterra.

Vía Céltica: VIA CÉLTICA: CAMIÑO MARÍTIMO DENDE OS PORTOS DE BERGANTIÑOS coas súas seis rutas.

#### LAT 66 kV ST Monte Neme-ST Cabana de Bergantiños

Este proxecto de evacuación debe ser modificado polos prexuízos irreparables que ocasionaría á Rede Natura ZEC Río Anllóns, á AEIP Val fluvial do río Lourido e Carballeira de Sta. Mariña do Remuíño e ao Camiño de Santiago Vía Céltica ao seu paso polo val fluvial.

### 4.- Afeción severa a establecementos turísticos e hostaleiros.

### 5.- Afeción severa ao patrimonio cultural e ás paisaxes.



#### *Roteiro do Monte Neme e Miradoiro da Eira das Meigas, concello de Carballo*

A isto hai que engadir as afecións e impactos non avaliados da liña de evacuación do parque que prevé atravesar a Rede Natura 2000 ZEC Río Anllóns e a AEIP Val Fluvial do río Lourido. O impacto é inasumible.

6.- Afeción moi severa e prexuízos irreparables para a Rede Natura 2000 e a súa coherencia. Falla de conectividade ecolóxica entre os ecosistemas. Cómpre ter en conta que as especies non entenden de límites

**xeográficos e que o mantemento da conectividade ecolóxica é fundamental para o mantemento dos ecosistemas e da coherencia da propia Rede. Afeción significativa e danos irreversibles a outros espazos protexidos:**

- ✚ (ZEC) de la Costa da Morte, código ES1110005
- ✚ Complexo lagunar ou costeiro de Baldaio, Zona de Especial Protección para las Aves (ZEPA Razo-Baldaio)
- ✚ IBA Costa da Morte

**7.- Afeción severa e irreversible ao benestar das familias que viven, residen e traballan nos núcleos rurais afectados:**

Cambre, Aviño, A Pedrosa – A Trémoa, Brión, O Empalme, Buo, Xornes, O Piñeiro, A Feira Nova, Pazos de Arriba, Pasacondía – A Aldeola, A Filgueira, Malpica, Seixas, Santiso, A Camuza, Porto de Malpica, Seaia, Cerqueda, As Pozacas – Leduzo, Liñeiro, Cances da Vila, Cances Grande, O Roo, Xoane, Xoane da Estrada, AS Torres, Oza Vella, Vilar de Carballo, Nétoma, Razo da Costa, O Castrillón, O Igrexario, Centeás, Chamusqueira, San Miguel, O Castelo, Lista, Noicela, Sambade, Rebordelos, O Rapadoiro, Constela, O Imende, Carballo, A Ponte, Mirón, A Ervelleira, Vilverde, Cereo, Corcoesto, Baneira, Monte Perrol, Pico de Meda, Corme, Langueirón, Sta. Mariña do Remuíño, Bello, Baralláns, Mens, Porto do Fondo, Laxe, Ponteceso, A Seiruga, O Porto de Barizo, A Campara, O Castro, O Rueiro, O Porto do Souto, Arnados, Baldaio, A Pedra da Sal, A Imende, Leira, Constela, Chamín de Abaixo, Monteagudo, Cores, Brantuas, Nemeño, Goiáns, Sísamo, Coristanco, Tallo, Beo, Barizo, O Couto, parroquia de San Breixo de Oza, ...etc.

**8.- Éxodo poboacional parello á instalación de industrias agresivas coa entorna e co medio ambiente. Presión industrial excesiva:**

Impacto non avaliado pola mercantil promotora. O interese público e a utilidade social do proxecto carece de base e xustificación. Cómpre ter en conta a presenza doutros parques moi próximos como:

- |  |   |
|--|---|
| 1.- Parque eólico Alto do Torreiro, en Cabana de Bergantiños.                | 9.- Parque eólico de Malpica                  |
| 2.- Parque eólico Bustelo e Baralláns, en Cabana de Bergantiños.             | 10.- Parque eólico As Salgueiras              |
| 3.- Parque eólico Agrelo e Muriño, en Cabana de Bergantiños.                 | 11.- Parque eólico Silvarredonda              |
| 4.- Parque eólico Monte Chan, en Laxe.                                       | 12.- Parque eólico O Cerqueiral               |
| 5.- Parque eólico Soesto, en Laxe.   | 13.- Parque eólico Campelo                    |
| 6.- Parque eólico Pena dos Mouros, en Laxe.                                  | 14.- Parque eólico Bustelo                    |
| 7.- Parque eólico de Corme (repotenciación), Rede Natura 2000, en Ponteceso. | 15.- Parque eólico Monte Toural               |
| 8.- Parque eólico Monte Neme   | 16.- Parque Eólico Pedrarrubia                |
|  | 17.- Parque Eólico Monteagudo                 |
|  | LAT 66 kV ST Corme-ST Cabana de Bergantiños   |
|  | LAT 66 kV ST Malpica-ST Cabana de Bergantiños |

Outros parques e liñas de evacuación totalmente obviados pola mercantil promotora.

**9.-Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). Ausencia dun estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico que garanta a calidade das masas de auga superficiais e soterradas e a non afección aos acuíferos.**

**10.- Afección severa e prexuízos irreversibles para o sistema de brañas e humidais da zona de afección do proxecto:**

- |                        |  |
|------------------------|--|
| ✚ Lagoa de Baldaio     | ✚ Lagoas da Costa das Penas e Barreiros          |
| ✚ Casadelas            | ✚ Brañas da Fontesecca directamente afectadas    |
| ✚ Carballo – 1         | polas infraestruturas eólicas e deterioradas     |
| ✚ Carballo – 2         | pola explotación mineira sen restaurar           |
| ✚ Rego da Gándara      | existente no Monte Neme, froito do desleixo      |
| ✚ Gándara de Cances    | da Xunta de Galicia, que permitiu que un         |
| ✚ Rego de Barcia       | espazo de alto valor paisaxístico e de orixe     |
| ✚ Marisma de Baldaio   | sacra, fose deteriorao pola actividade mineira a |
| ✚ Trasdunas de Baldaio | ceo aberto e contaminante sen control algún.     |

**11.-Afección severa ao patrimonio cultural e arqueolóxico e a súa descontextualización:**

O estudo patrimonial da promotora é moi deficiente. A promotora obvia o impacto acumulado e sinérxico sobre o patrimonio da totalidade dos parques eólicos e as súas infraestruturas de evacuación existentes no ámbito xeográfico de desenvolvemento e implantación do proxecto industrial eólico, incluída a súa infraestrutura asociada de evacuación.

**Cómpre lembrar que o Monte Neme é un dos 74 xacementos romanos documentados no territorio ártabro. Véxase: “El proceso de romanización en el antiguo territorio de los ártabros: formas de poblamiento y organización territorial a lo largo del periodo romano. Autora: María Josefa Loira Enríquez”.**

[http://e-spacio.uned.es/fez/eserv/tesisuned:ED-Pg-HHAT-Mjloira/LOIRA\\_ENRIQUEZ\\_Maria\\_Josefa\\_Tesis.pdf](http://e-spacio.uned.es/fez/eserv/tesisuned:ED-Pg-HHAT-Mjloira/LOIRA_ENRIQUEZ_Maria_Josefa_Tesis.pdf)

No Monte Neme atopáronse restos cerámicos castrexos e a famosa Arracada de Cances que se conserva no Museo de Pontevedra. Esta xoia de ouro castrexa foi atopada no rego Bandeira que nace na Fonte Seca, xusto onde Endesa prevé instalar os catro macroeólicos de 200 metros de altura.

**Véxase: “Los Torques Castreños del Noroeste de la península Ibérica”, de Susana Prieto Molina.**

En virtude do anterior,

**SOLICITA:**

1.- O rexeitamento da solicitude de autorización administrativa previa, da declaración de utilidade pública, en concreto, da necesidade de urxente ocupación que iso implica, da autorización administrativa de construción, o estudo

de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico-PIA) do proxecto do parque eólico Monte Neme nos concellos de Carballo e Malpica de Bergantiños (A Coruña) (expediente IN661A 2007/04), DOG Núm. 47, de 9 de marzo de 2022, e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licencia social.

2.- Procedan á resturación inmediata das antigas labores mineiras do Monte Neme e á drenaxe das balsas abandonadas con augas ácidas da minería a ceo aberto e contaminante, que se desenvolveu durante anos nese monte sen control e co desleixo da Xunta de Galicia.

8.- Que por parte do Consello da Cultura Galega, máximo órgano asesor da Xunta de Galicia en materia de cultura, se informe sobre a compatibilidade do proxecto da estación eólica MONTE NEME e os demais parques eólicos xa existentes ou en tramitación na área xeográfica de afección deste proxecto e as liñas de evacuación existentes e en tramitación cos valores culturais, paisaxísticos e ambientais da área de afección.

9.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a promotora deste proxecto e a Xunta de Galicia, teñen dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no presente caso existe un rexeitamento social expreso e masivo tanto ao parque eólico MONTE NEME e os demais parques eólicos xa existentes ou en tramitación na área xeográfica de afección deste proxecto e as liñas de evacuación existentes e en tramitación na mesma área xeográfica. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interés dunha empresa as paisaxes do litoral, agrarias, culturais e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.

Véxase o documento INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4437777>

Véxase: “Efectos de los parques eólicos e instalaciones eléctricas asociadas sobre la salud”.

<https://aliente.org/efectos-eolica-salud>

Monte Neme, 12 de marzo de 2022

**Asdo-** \_\_\_\_\_